



Resolución do director xeral de Agader de modificación de datas finais do calendario de xestión do programa Leader-Galicia 2007-2013.

O 27 de decembro de 2013 publicouse no DOG a Resolución do director xeral de Agader, do 20 de decembro de 2013, pola que se aprobou o novo marco financeiro do Programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modificaron as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, aprobadas polo Acordo do consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008.

No anexo IV do apéndice I (Bases reguladoras) da Resolución indicada no parágrafo anterior inclúese o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os grupos de desenvolvemento rural (GDR). Na cláusula 13ª do citado convenio figuran, entre outras, as datas seguintes:

5. *Data final de selección de proxectos polo GDR: 30 de setembro de 2015.*
6. *Data final de concesión de axudas: 30 de setembro de 2015.*
8. *Data final de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores: 30 de outubro de 2015.*
9. *Data final de xustificación de investimentos: 30 de outubro de 2015.*
10. *Data final de pagamentos aos titulares de proxectos da totalidade da axuda certificada: 30 de novembro de 2015.*

No parágrafo final da cláusula 13ª do citado convenio sinalase que *Agader, en previsión dun ordenado peche do PDR, poderá variar as datas sinaladas, así como fixar outras para axeitar o ritmo de execución de proxectos á proximidade das datas límite sinaladas.*

O Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a resolución do 24 de xullo de 2013, da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG n.º 148, do 5 de agosto), delegou na persoa titular da Dirección Xeral de Agader o *exercicio das funcións vinculadas á execución dos programas de desenvolvemento rural Leader+, Proder II e Agader, ou outros da mesma natureza promovidos por entidades similares aos actuais grupos de acción local, tales como a (...) liquidación e peche, (...).*

Coa finalidade de facilitar un peche o máis eficiente posible do programa Leader Galicia 2007-2013, e tendo en conta os fondos do que a esta data están pendentes de comprometer, o ritmo de verificacións dos informes control de elixibilidade (ICES) por parte da Subdirección de Relacións cos GDR e, non en menor medida, o ritmo de execución dun gran número de proxectos que xa contan con

resolución de concesión de axuda, considérase conveniente a modificación das datas de peche do programa que propón o 24 de setembro de 2015 o subdirector de Relacións cos GDR.

Tendo en conta o exposto, RESOLVO:

1. Modificar algunhas datas finais da cláusula 13ª do convenio que figura no anexo IV do apéndice I (Bases reguladoras) da Resolución do director xeral de Agader, do 20 de decembro de 2013, pola que se aprobou o novo marco financeiro do Programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e se modificaron as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e o recoñecemento de entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, aprobadas polo Acordo do consello de Dirección de Agader do 30 de maio de 2008, de xeito que os seguintes apartados da citada cláusula 13ª do convenio pasen a ter a seguinte redacción:

5. Data final de selección de proxectos polo GDR: 13 de novembro de 2015.

6. Data final de concesión de axudas: 13 de novembro de 2015.

8. Data final de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables polos promotores aos seus provedores: 19 de novembro de 2015.

9. Data final de xustificación de investimentos: 19 de novembro de 2015.

10. Data final da emisión das resolucións de pagamento por parte de Agader: 30 de decembro de 2015.

2. Esta resolución notificaráselles aos GDR inmediatamente e daráselle publicidade na páxina web de Agader.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2015.

O director xeral de Agader

(Por delegación do 11.07.2013. DOG n.º 148, do 05.08.2013)

Antonio Crespo Iglesias

